

o boletín

Servizos Centrais – Xunta de Galiza

volume 212

xuño 2013

O primeiro boletín de información sindical de SSCC. Dende 1988 reivindicando os dereitos das traballadoras e traballadores públicos.

Nesta Edición:

Editorial:

- Lei do Emprego Público: Alfombra Vermella para a Corrupción. 1

Novas e denuncias en destaque:

- Empregadas públicas contra a corrupción. 2
- Breves 3

A contra:

- Humor (ou non) Onde ir de vacacións sen o específico da túa extra. 4

LEI DO EMPREGO PÚBLICO: ALFOMBRA VERMELLA PARA A CORRUPCIÓN

Lei de Medidas do ano pasado, paga extra do nadal 2012, específicos das extras do 2013, despedimentos, amortizacións, adiamento perpetuo da promoción interna, etc. E agora a Xunta está labrar a terra no ámbito lexislativo para rematar, definitivamente, co modelo actual de Administración Pública, para dar un golpe mortal aos Servizos Públicos, tal e como os coñecemos actualmente.

Nese terreo tan habilmente sachado, sementarán os grandes capitalistas os seus proxectos en Sanidade, Educación e Servizos Sociais, se sobran algún rego tamén haberá para o resto, a Cultura, o Medio Ambiente... «Todos aqueles servizos que non debe prestar a Administración teñen que ser reducidos, privatizados ou suprimidos». Isto foi o que dixo Esperanza Aguirre, alumna aventaxada neste terreo. Pensa a Xunta de outra maneira? Non, e os feitos están aí.

Pero Roma non se fixo nun día e isto vai pouco a pouco. Primeiro quito unha extra de aí, logo un complemento de acolá, agora amortizo unha praza, mañá dúas, hoxe vou botar a uns indefinidos, metemos tamén uns temporais e non toco ao resto... de momento. E agora temos unha lei que vai facilitar moito, pero que moito, estas políticas neoliberais do PP que, xunto cunhas culleradas de baltarismo autóctono, vai producir a Lei do Emprego Público de Galiza.

Esta lei é a reforma da Lei da Función Pública actual, nace do EBEP e da LOFAXGA, onde se consagra a implantación do persoal directivo, os complementos de produtividade, as avaliacións do rendemento do teu xefe con repercusións económicas directas, concursos específicos, mobilidade forzosa, etc. Temos unha carga normativa moi grande, derivada destas normas, coas que a CIG nunca estivo a favor e ás que non deu os seus parabéns, como si fixeron outras organizacións sindicais que terán que dar, no seu

fixeron o que fixeron.

Non é o noso ánimo recriminar actuacións de outros compañeiros pero é preciso deixar claro de onde veñen as cousas e que cada quen asuma o asinado no seu momento. De todos os xeitos, e unha vez dito isto, hai que ter claro que esta é unha agresión que temos que afrontar de xeito colectivo e, aínda que teñamos liñas sindicais diferentes nalgúns aspectos, en maior ou menor medida,

dende a CIG tamén facemos un chamamento á unión sindical como mellor xeito de afrontar todas estas agresións que estamos a recibir a clase traballadora galega, e máis nomeadamente, o colectivo de traballadores e traballadoras públicas deste país.

Seguindo esta liña, dende a CIG estamos facendo unha campaña informativa sobre os efectos deste proxecto de lei, previa ás mobilizacións que teremos que levar a cabo se o goberno da Xunta non dá marcha atrás a determinadas cuestións que para nós son inaceptables, como son:

- Persoal Directivo.
- Avaliación do Rendemento 100 % subxectiva.
- Integracións indiscriminadas de outras Administracións e dos chiringuitos.
- Concursos Específicos.
- Retribucións diferidas.
- Posibilidade de remoción do posto condicionada á avaliación.
- Carreira Administrativa condicionada unicamente a criterios subxectivos.
- Degradación da Lingua Galega, dándolle só carácter oficial ao castelán.



Novas da Galiza

EMPREGADOS PÚBLICOS CONTRA A CORRUPCIÓN

A comezos deste mes publicábase no “Confidencial” un caso que ilustra un exemplo práctico da **necesaria independencia do empregado público** e que este non poda ser removido do posto por cuestións exclusivamente “discrecionais”; unha posibilidade, esta última que se abre coa nova Lei de Emprego Público para os postos por concurso vía unha avaliación do desempeño 110% subxectiva.

<http://www.elconfidencial.com/espana/2013/06/05/camps-defenestro-a-la-funcionaria-que-se-nego-a-pagar-facturas-falsas-de-urdangarin-122355/>

Esta funcionaria da Generalitat Valenciana non é que fose abertamente anti-PP, máis ben todo o contrario, de aí que ocupase o posto de subsecretaria da Presidencia. O que pasou é que a cousa (no *caso Noos*) chegou a uns extremos que querían que lle pagase a *Urdangarín* unhas facturas sen xustificación algunha por un montante de 1,9 millóns de €... e dixo: ata aquí chegamos; loxicamente, e como se atopaba en LD, cese fulminante por parte de *Camps*. A verdade é que agora non está tan mal; os seus contactos recolocárona de secretaria xeral na Delegación do Goberno de Valencia.

En calquera caso, serva isto para chamar a atención sobre o deber que como empregados públicos, por concurso ou por LD, temos de velar polo cumprimento do ordenamento xurídico e recordar que **somos a primeira barreira para que a corrupción non campe as súas anchas nas Administracións públicas**, así como a necesaria ferramenta para a **transparencia**. En fin, facemos un chamamento a abrir ben os ollos e apoiar aos compañeiros e compañeiras que cumpren co seu deber e reprobamos a aqueles que, por activa ou por pasiva, colaboran coa corrupción.

El Confidencial
EL DIARIO DE LOS LECTORES INFLUYENTES

ACTUALIDAD ESPAÑA IÑAKI URDANGARÍN FRANCISCO CAMPS GENERALITAT VALE


VILLALONGA, EX ALTO CARGO DE LA GENERALITAT, ES HERMANA DEL 'HOMBRE FUERTE' DE ANA BOTELLA

Camps defenestró a la funcionaria que se negó a pagar facturas falsas de Urdangarín

TAGS > FRANCISCO CAMPS IÑAKI URDANGARÍN



La exsubsecretaria de Presidencia de la Generalitat, Isabel Villalonga, sale de los Juzgados.



A CIG EN COLABORACIÓN COA CONSELLARÍA DE SANIDADE RECOMENDA:

POLA SAÚDE DO TEU COLECTIVO...

DILLE NON Á CORRUPCIÓN, EN VALENCIA, EN MIAMI OU EN BOQUEIXÓN



PerSíguelles en Twitter: @xuntavice

BREVES:**CONSULTA TODAS AS NOVAS DA CIG-AUTONÓMICA EN:**<http://autonomica.cigadmon.org> **NOVO WEB!!!****CONCURSO DE TRASLADOS**Corpos xerais: Resolución da

relación provisional de persoas admitidas e excluídas (DOG 20/06/2013). Puntuacións provisionais: á volta do verán. Resolución definitiva: antes de rematar o ano; por primeira vez existe un apuro económico xa que a Administración lle interesa canto antes comezar a segunda fase de amortización de postos vacantes que queden tras a resolución deste e o resto de concursos de traslados.

Corpos especiais: Resolución da relación definitiva de persoas excluídas e admitidas (DOG 18/04/2013). A **barefacción provisional** estará lista na primeira quincena de xullo. Vaise constituír antes de fin de mes a comisión de valoración na que estará presente a CIG pola representación sindical.

Escalas de Informática: Publicada a convocatoria no DOG 05/06/2013 e unha corrección de erros no DOG 07/06/2013 referente a eliminación dunha praza (a nº 54), por se non fosen xa bastantes as eliminadas previamente. Finalización do **prazo de presentación de solicitudes:** 22 de xuño.

Escalas de axentes de extensión pesqueira e Gardacostas: **Orde de resolución** (20/06/2013): 62 prazas ofertadas, 38 persoas admitidas e 21 postos adxudicados (19 na primeira fase e 2 en resultas).

PROCESOS SELECTIVOS

Procesos de convocatoria inminente: A CIG presentou as súas alegacións aos borradores orixinais que podeades descargar do noso web; poucos cambios aceptados por Función Pública e xa pasaron pola Comisión de Persoal do 20 de xuño camiño do DOG.

O resto de convocatorias xa están nunha 2ª rolda de negociacións: Enx. Téc. Agrícola (10), Estatística A1 (5), Delineación (6),

Axentes Fac. MedioAmbientais (20). **A publicación de todas estas convocatorias, incluídas as do cadro, será no mes de xullo, a máis tardar.** Finanzas A1 (8) está atrancada ata que Facenda lles indique (podería quedar para setembro).

Nº prazas ofertadas	Libre	P.I.	Discap.	Consol.	Total	Grupo	OEP
Enx. Industrial	9	4	1	1	15	A1	2012 ,2011 e 2009
Biólogos/as	2	2	1	3	8		2012 e 2011
Arquitectos/as	11	4	1	0	16	A2	2011 e 2009
Enx. Téc. Industr.	1	0	1	3	5		2012 e 2011
Arquiveiros/as	5	2	1	1	9	C1	2012 e2011
Sub. Consumo	1	0	0	0	1		2012
Inspec. Urbanística	4	2	1	0	7	A1	2011

Promoción interna (corpos xerais): o compromiso do director xeral de que a promoción interna sería o primeiro que se convocaría este ano rachouse coa inminente publicación de varias convocatorias de corpos especiais. Comezarán coa negociación despois de que saquen as anteriores. A nova estimación é que a convocatoria sexa para **finais deste ano... será esta a boa?**

LISTAS DE SUBSTITUCIÓN

Actualización definitiva de méritos correspondente ao ano 2012 (DOG 29/05/2013). **Apertura de listas** de diversas especialidades de profesores numerarios e mestres de taller de Institutos Politécnicos Marítimos-Pesqueiros e de Titulado/a Superior Medico; inscripción até o 15 de xullo (DOG 20/06/2013).

NORMATIVA APLICABLE AO PERSOAL

Instrucións de permisos, vacacións e licenzas: Leva no DOG desde o 20 de marzo pero a día de hoxe o persoal laboral aínda non lle é de aplicación porque a Consellaría de Traballo e Benestar non quere refacer as quendas; cando se tratou de recortar días non lles custou nadiña de traballo refacelas. Instrucións a parte, vía decretazo, fican 22 días hábiles de vacacións para todas as traballadoras e traballadores públicos; un concepto moi ideal no que a Administración non aclarou o concepto de día hábil para o persoal que traballa a quendas, para o cal todos os días do ano son hábiles.

Orde de xornada laboral, flexibilización e teletraballo: parece que vai ser posible facer unha flexibilización automática (sen autorización previa) de compensación semanal pero cun horario algo máis amplo do previsto inicialmente que ía de 9 a 14h; calquera modificación de horario debe ser recollida en RPT; no teletraballo non se establece participación sindical; deixan fóra ao persoal de centros docentes. Pendente de concretar a Administración a súa postura pero queren telo en funcionamento canto antes. **Última hora:** seica a orde publicárase en xullo e **entrará en vigor despois do horario de verán.**

Xornada de verán: hai intención de regulamentar con carácter permanente a xornada de verán coa duración comprendida actualmente na Administración Xeral do Estado (do 16 de xuño ao 15 de setembro). Este ano, a pesar do dito anteriormente, por imposibilidade material entrará en funcionamento **desde o día 25 de xuño até o 13 de setembro, xornada continua de 6 horas en horario de 08:00 h. a 15:00 h.** Función Pública mareounos anteriormente indicando un horario fixo entre 08:30 h. e 14:30 h., finalmente non foi así, pregámosvos desculpas pola información dada erróneamente. (*Función Pública nunca o faría*).

RPTs

EGAP: Exceso de postos abertos a outras Administracións (o 26% dos postos de persoal funcionario), nivel de subdirección na xefatura de estudos (a austeridade non o é para tod@s...), concurso específico para habilitación... **APLU:** supresión de 3 postos vacantes (a Lei de Orzamentos non dota os postos de emprego público vacantes pero si as contrata con empresas privadas para facer o noso traballo). **IET:** creación dunha praza por sentenza; coincidindo coa enésima modificación desta rpt por este motivo, FP anuncia posta en funcionamento da **comisión de asistencias técnicas** ao mesmo tempo que seguen saíndo no DOG novas contrata para facer traballo de emprego/a público/a (DOG 14/05/2013; 400.000€ +IVE para contratar 4 informáticos/as durante 3 anos; DOG 14/06/2013; 150.000€+IVE para contratar a 4 lic. en Dereito e 2 administrativos/as durante 9 meses).

HUMOR

OU NON

PAQUETE MATO

Oferta para ir cos teus fillos a Disneyland París, financiado pola Trama Gürtel e con estancias no hotel Newport.

Tamén organizamos a voda da túa filla (luces e son gratis, tarifa plana de confe-confeti), cumpreanos, bautizos, etc...



ONDE IR DE VACACIÓNS ESTE ANO SEN O ESPECÍFICO DA TÚA EXTRA?

Oficina de Turismo
do Partido Popular



CRUCEIROS POLAS RÍAS GALEGAS

- SE HOUBER NEVE PASARASE POR ANDORRA, CASCAIS E IBIZA.
- VISITAS TURÍSTICAS NA COMPAÑÍA DUN NARCO PROFESIONAL.
- PERCORRIDOS AMENIZADOS POLOS CHIF TEF TEINS.

CONTACTA CONNOSCO:

SAN CAETANO

Tel. 981 545 909 / 985 / 987

Fax 981 54 59 91

SAN LÁZARO

Tel. 881 99 72 90



[http://facebook.com/
CICSanCaetano](http://facebook.com/CICSanCaetano)

Novo WEB,

agora tamén desde intranet:
<http://autonomica.cigadmon.org>



CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL GALEGA
AUTÓNOMICA

Prezo pola cara por persoa con descontos presentando facturas de Marcial Dorado, con saídas dende San Caetano e/ou San Lázaro (consultar), adaptadas á xornada de verán.

Inclúe: güiston de batea a prezos populares, teletraballo, acumulación de puntos na túa avaliación do desempeño, traslados en todo terreo, suplemento de plus para altos cargos e estancias en hotel con orde de derribo por ocupación ilegal da costa.

Non inclúe: Crema solar e/ou cagada de gaivota, nin expedientes de contratación.

PRAZAS LIMITADAS. PREZOS DESDE (poña no recadro a súa extra)

(só se admiten pagos en sobre).